

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES BRIÓN
CURSO: 3º ESO
MATERIA: CULTURA CLÁSICA
DEPARTAMENTO: LATÍN
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>Localizar nun mapa fitos xeográficos e enclaves concretos e relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.</p>	<p>Sinala sobre un mapa o marco xeográfico en que se sitúan en distintos períodos as civilizacións grega e romana, delimitando o seu ámbito de influencia, establecendo conexións con outras culturas próximas, situando puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.</p>	<p>CMCCT CD CAA</p>

<p>B Describir os marcos xeográficos en que se desenvolve Grecia e Roma ao longo da súa historia.</p>	<p>Enumera aspectos do marco xeográfico que poden ser considerados determinantes no desenvolvemento das civilizacións grega e latina, e achega exemplos para ilustrar e xustificar as súas formulacións.</p>	<p>CSC CD CAA</p>
<p>II Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.</p>	<p>Sabe enmarcar determinados feitos históricos nas civilizacións grega e romana e no período histórico correspondente pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.</p>	<p>CAA CMCCT CD CSC</p>

<p>I Identificar, describir e explicar o marco histórico en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.</p>	<p>Distingue con precisión as etapas da historia de Grecia e Roma, nomeando e situando no tempo os principais fitos asociados a cada unha delas.</p>	<p>CSIEE CMCCT CD CSC</p>
<p>C Coñecer as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.</p>	<p>Elabora eixes cronolóxicos en que se representen fitos históricos salientables, consultando ou non fontes de información.</p>	<p>CD CMCCT CSC</p>
<p>C Coñecer os principais deuses da mitoloxía grecolatina.</p>	<p>Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o</p>	<p>CD CCEC CCL</p>

	seu ámbito de influencia, explicando a súa xenealoxía e establecendo as relacións entre os diferentes deuses	
B Coñecer os mitos e os heroes grecolatinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.	CCEC CD CCL
	Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa.	CAA CSC CCEC CD
	Recoñece e ilustra con exemplos o	CCEC

	<p>mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as principais semellanzas e diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos, asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.</p>	<p>CMCCT CD CSC</p>
	<p>Recoñece referencias mitolóxicas nas artes plásticas, sempre que sexan claras e sinxelas, describindo, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á</p>	<p>CCEC CD</p>
<p>Coñecer as características das principais formas de</p>	<p>Nomea os principais sistemas políticos da antigüidade clásica e</p>	<p>CSC CCL</p>

<p>organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas.</p>	<p>describe, dentro de cada un, a forma de distribución e o exercicio do poder, as institucións, o papel que estas desempeñan e os mecanismos de participación política.</p>	
<p>Coñecer as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.</p>	<p>Describe a organización das sociedades grega e romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos da época e comparándoos cos actuais.</p>	<p>CSIEE CSC CCL</p>
	<p>Describe as principais características e a evolución dos grupos que compoñen as sociedades grega e romana.</p>	<p>CCL CSC CCL</p>

<p>Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.</p>	<p>Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, identificando e explicando a través deles estereotipos culturais e comparándoos cos actuais.</p>	<p>CSC CCL</p>
<p>Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.</p>	<p>Identifica e describe os tipos de vivenda, o modo de alimentación, os hábitos de hixiene e a vestimenta en Grecia e Roma.</p>	<p>CD CAA CMCCT CSC CCL</p>
<p>Coñecer a existencia de diversos tipos de escritura, distinguilos e comprender as súas funcións.</p>	<p>Recoñecetipos de escritura, clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e describe os trazos que os distinguen.</p>	<p>CD CCEC CCL</p>

<p>Coñecer a orixe do alfabeto e distinguir os tipos de alfabetos usados na actualidade.</p>	<p>Nomea e describe os trazos principais dos alfabetos máis utilizados no mundo occidental diferenciándoos doutros</p>	<p>CAA CCEC CCL</p>
--	--	---------------------

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Recollida de fichas de diferente tipo, entregadas semanalmente, para traballar as competencias básicas
	Instrumentos: Cuestionarios, formularios, esquemas e resúmenes.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Para obter a nota da avaliación ordinaria farase a media da 1ª e 2ª avaliación.</p> <p>O alumno cunha nota media que lle permita superar a materia, poderá ver incrementada a súa nota coa entrega dun 70% das tarefas encomendadas neste 3º trimestre de repaso e reforzo.</p> <p>O alumno cunha nota media que non lle permite superar a materia, poderá superala se entrega un 80% das tarefas de reforzo e repaso encomendadas neste 3º trimestre sempre que estas tarefas acaden en cada unha delas unha cualificación positiva (5 puntos sobre 10)</p>
Proba extraordinaria de setembro	Proba escrita que acredite ter desenvolvidas as competencias básicas para superar esta materia.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Non hai alumno con Cultura Clásica como materia pendente.
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Actividades de distinto tipo sobre aspectos da cultura e sociedade a grecolatina.</p> <p>Traballarase a comprensión lectora , a capacidade de síntese, a investigación individual e o manexo da plataformas dixitais , a autonomía na resolución de problemas .</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>A partir das actividades trabállase a lectura comprensiva dos textos sobre distintos aspectos da cultura clásica .</p> <p>Solución de dúbidas sobre os contidos ou outro aspecto da materia.</p> <p>A comprensión lectora traballarase tamén na resolución das tarefas pois estas requiren a interpretación e aplicación das instrucións e oreintacións que serán breves e concisas..</p> <p>As tarefas estarán deseñadas para traballar tamén a autonomía .</p> <p>Por outra banda, servíndonos da plataforma dixital transmitirase ao grupo comentarios e avisos sobre as tarefas. Ademais de xeito individual mediante correos electrónicos o comentarios privados resolveranse dúbidas ou daranse oreintacións.</p>
Materiais e recursos	<p>Plataforma dixital</p> <p>Actividades en papel para o alumnado con dificultades de conexión .</p> <p>Formularios autocorrixibles.</p> <p>Enlaces a páxinas web de búsqueda de información.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través da plataforma dixital que utilizamos na materia.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.